

Tarefas 4º Primaria

Bos días nen@s: propoñémosvos esta semana que vaiades lendo e facendo esquemas e resumos de **CC.da Natureza** dende as páxinas 62 ata a 65. Pertencen ao Tema 4. Facede tamén os exercicios desas mesmas páxinas do libro.

Hai vídeos á vosa disposición en Internet para repasar temas de **Sociais** e **Naturais** nas canles de Youtube **La Eduteca** e **Happy Learning** sobre os temas estudados.

Repasade o tema de **Ciencias Sociais** *A hidrografía*.

A proposta de **Matemáticas** é ir lendo amodiño as páxinas 96-97-98 e 99 do Tema *Os decimais*. Xa veredes como o entendedes. A ver se vos acordades do ano pasado. Ánimo e facede tamén os exercicios. Son poucos. Recordade facer algunha conta de dividir por dúas e tres cifras.

Non vos esquezades de ler moito todos os días e facer algún resumo dos libros que ledes. Podedes elaborar unha noticia sobre a pandemia do Coronavirus cun titular e respondendo ás preguntas Que? Quen? Como? Onde? Cando?

Repasade os verbos Cantar Temer e Partir.

Escribide algún conto, historia ou anécdota... en castelán ou en galego.

Ademais, facede os exercicios que inclúo a continuación. Ata pronto!